

INFORME CLIMATOLÓGICO AÑO 2022



Data edición: 12/01/2022

ÍNDICE

| | | |
|----------|--------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 1 | INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2 | DESCRIPCIÓN DO ANO 2022 EN GALICIA POR MES. | 3 |
| 2.1. | Xaneiro | 3 |
| 2.2. | Febreiro | 5 |
| 2.3. | Marzo | 6 |
| 2.4. | Abril | 8 |
| 2.5. | Maio | 10 |
| 2.6. | Xuño | 12 |
| 2.7. | Xullo | 14 |
| 2.8. | Agosto | 16 |
| 2.9. | Setembro | 18 |
| 2.10. | Outubro | 20 |
| 2.11. | Novembro | 22 |
| 2.12. | Decembro | 24 |
| 3 | DESCRIPCIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2022 EN GALICIA | 26 |
| 3.1. | Temperatura | 26 |
| 3.2. | Precipitación | 28 |
| 4 | BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2022 EN GALICIA | 32 |
| 4.1. | Temperatura | 40 |
| 4.2. | Precipitación | 42 |
| 5 | Evolución histórica da temperatura e precipitación. | 48 |
| 5.1. | Evolución da temperatura media por mes | 49 |
| 5.2. | Precipitación | 50 |
| 5.3. | Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas | 51 |
| 5.4. | Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés) | 53 |
| 6 | EPISODIOS DESTACABLES EN CADA UN DOS MESES DE 2022 | 56 |
| 6.1. | Xaneiro | 56 |
| 6.2. | Febreiro | 60 |
| 6.3. | Marzo | 65 |
| 6.4. | Abril | 67 |
| 6.5. | Maio | 75 |
| 6.6. | Xuño | 83 |



| | | |
|--------------|----------------------|------------|
| 6.7. | xullo..... | 86 |
| 6.8. | Agosto..... | 91 |
| 6.9. | Setembro..... | 93 |
| 6.10. | Outubro..... | 96 |
| 6.11. | Decembro..... | 102 |

Data de edición 03/02/2023



Ano extremadamente cálido e seco

1 INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2022. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Para os mapas sinópticos de anomalías de presión en superficie en altura xeopotencial de 500 hPa, o período de referencia é 1991-2020.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así mesmo, o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.

2 DESCRICIÓN DO ANO 2022 EN GALICIA POR MES.

2.1. Xaneiro

O mes de xaneiro quedou caracterizado por unha gran diferenza entre 10 primeiros días de baixas presións e ventos do sur e polo tanto, moi inestables e os 20 días consecutivos que lle seguiron de tempo seco e moita estabilidade. Así, as chuvias estiveron moi por debaixo do que cabería agardar nun mes de xaneiro, e as temperaturas medias non se afastaron moito da normalidade, debido a que as máximas foron elevadas e as mínimas inferiores aos valores climáticos propios deste período. Con esta configuración o mes de **xaneiro foi moi seco**, con **mínimas moi frías e máximas extremadamente cálidas**, polo que en canto á **temperatura media** o mes foi **cálido**.



A xornada máis destacable deste mes foi a do día 4, na que o paso dunha fronte activa deixaba chuvias xeneralizadas, con intensidade moderada, sarabia e aparato eléctrico e a tarde arrastraba aire frío caendo a cota de neve ata os 1000 m.

Os días 11 e 12 entraban as altas presións en Galicia dende o sur, traendo unha situación meteorolóxica de estabilidade que se estancou dende o día 13 ata o último día do mes, pola presenza dun potente anticiclón estacionario ao norte da península Ibérica.

Neste período as xornadas foron moi semellantes, con mañás frías e presenza de xeadas no interior e néboas nos vales e tardes solleiras con temperaturas moi suaves. Así as temperaturas máis altas acadáronse nos últimos días do mes, con máximas que estiveron por riba dos 20 °C en algúns puntos das Rías Baixas.

Debido á compensación das baixas temperaturas mínimas coas elevadas temperaturas máximas a temperatura media non se afastou excesivamente dos valores normais, aínda así, o valor medio das once estacións que compoñen a serie rexional foi de 8.4 °C o que representa unha anomalía de +0.4 °C, considerándose o mes cálido. Isto foi así porque as máximas foron extremadamente cálidas (+1.8 °C) e as mínimas moi frías (-1.1 °C), o precedente máis cálido xa o encontramos no pasado ano 2020.

Nas dez primeiras xornadas do mes de xaneiro non se acadaron valores de precipitación de tan sequera a metade do propio agardado neste período porque agás o día 4, as fronteas que afectaron á Comunidade foron moi débiles. Así a precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional galega foi de 53 L/m². Isto representa unha porcentaxe dun 64% inferior ao valor climático normal, cualificándose o mes como moi seco. Os precedentes máis recentes cunha porcentaxe similar foron 2017 (-62%) e 2012 (-68%).

Os catro primeiros días do mes superáronse en algunhas localidades os 100 km/h.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión en superficie e sobre todo en altura xeopotencial de 500 hPa (Figura 1), mostra unha forte anomalía positiva centrada ao oeste das illas Británicas, responsable do tempo seco, mañás frías e tardes con temperaturas moi suaves para a época do ano.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xaneiro, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.2. Febreiro

O mes de febreiro quedou marcado novamente pola estabilidade que dominou os primeiros e derradeiros días dos mes. A inestabilidade soamente chegou a Galicia en forma de borrascas moi pouco activas entre os días 10 e 20.

Tan só é destacable unha xornada do mes, a do día 13 no que unha fronte bastante activa fixo que as chuvias fosen xeneralizadas en Galicia e, particularmente intensas e persistentes no oeste da Coruña e no interior de Pontevedra. A este día seguiulle a típica situación post-frontal, con entrada de aire frío e unha cota de neve de 900 m.

A segunda xornada do mes destacou na Comunidade, pola chegada dunha masa de aire moi morno que deixou valores de temperatura por riba dos 20 °C nalgunhas localidades.

Entre o 5 e o 9 tivemos tempo seco, con néboas e xeadas importantes pola mañá e temperaturas máis suaves durante as tardes. Estas xeadas foron especialmente intensas os días 6 e 7.

Dende o día 19 ata final de mes, a situación predominante foi anticiclónica, destacando dentro deste longo período, os elevados valores de temperatura do día 22, cando na provincia de Ourense chegaron a superarse os 25 °C.

Isto deu como resultado un mes de **febreiro** que foi **moi seco e cálido**.

As frecuentes situacións anticiclónicas deixaron temperaturas mínimas propias dun mes de febreiro pero máximas elevadas. Para o conxunto de 11 estacións meteorolóxicas representativas de Galicia a temperatura media foi de 9.7 °C, isto representou unha anomalía de +0.9 °C, que fai que o mes fose cualificado como cálido. Isto debeuse as máximas que

foron moi cálidas (+1.7 °C), mentres que as mínimas foron normais (+0.1 °C). O precedente máis cálido xa o atopamos no anterior 2021.

En canto a chuvia só podemos destacar a xornada do día 13, na que se acumulou practicamente a metade da chuvia rexistrada ao longo de todo o mes. A precipitación acumulada na serie rexional representativa foi de 38 L/m². Isto representa unha porcentaxe de precipitación dun 67% inferior ao valor climático normal, cualificándose o mes como moi seco. O precedente máis seco atopámolo en 2012.

Xusto na xornada do día 13, na que a fronte que afectou a Galicia foi bastante activa, superouse en varias estacións meteorolóxicas o limiar dos 100 km/h.

A configuración sinóptica tanto en superficie e dun xeito máis destacado en altura (Figura 2) mostra unha forte anomalía positiva na presión sobre a Comunidade e toda a Península dende os Azores. Isto da conta do predominio anticiclónico do mes que, bloqueou as borrascas do norte, que nas configuracións móstranse en forma dunha forte anomalía negativa ao norte das Illas Británicas.




Figura 2: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de febreiro, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.3. Marzo

A tendencia dos meses precedentes mudou en **marzo** que resultou **húmido e normal en canto á temperatura**.

Este mes tivo dúas partes moi claramente diferentes. Na primeira metade do mes a predominancia foi de situacións invernales con precipitacións xeneralizadas e baixas temperaturas, mentres que a segunda metade foi máis seca, con temperaturas elevadas pero sempre cun grado de inestabilidade que impediu a presenza de ceos abertos.



Destacamos neste mes que entre a tarde do día 7 e a xornada do 14, Galicia estivo sometida ao paso continuo de borrascas e fronteiras que deixaron chuvias intensas ao longo deste período, ademais de ventos fortes, polos que houbo que dar avisos por chuva, vento e ondas. O día 14 destacou pola presenza da borrasca *Celia* que se moveu cara ao sur e marcou un cambio de tendencia no mes que seguiron as borrascas dos días posteriores cunha traxectoria semellante, localizándose no sur da península Ibérica. Esta borrasca no día 15 achegou unha masa de aire de orixe noroeste, que ademais dun notable ascenso das temperaturas deixou unha importante entrada de po Sahariano que se mantivo aínda na xornada do 16.

O día 20 comezou a primavera astronómica que con aire frío en altura e cálido en superficie deixou unha sensación de bochorno que tamén estivo presente o día 26. As situacións intermedias con alternancia de nubes e claros durou ata a última xornada do mes, na que unha fronte activa deixaba chuvias xeneralizadas e un acusado descenso das temperaturas. As temperaturas que comezaron con valores por debaixo dos habituais para a época do ano, foron recuperándose na segunda quincena, pero a presenza de nubes medias e altas fixo que os valores nestes días non fosen moi elevados. A temperatura media das once estacións da serie rexional galega tivo un valor medio de 10.8 °C, isto representa unha anomalía de -0.1 °C, resultando un mes de marzo normal. Tamén foron normais as temperaturas máximas (-0.4 °C), mentres que as mínimas foron lixeiramente cálidas (+0.3 °C).

As chuvias da primeira quincena do mes xa deron conta en xeral do acumulado de precipitación por riba dos valores climáticos normais para a época do ano, e as chuvias irregulares da segunda quincena foron suficientes, para que se acadase a normalidade nas localidades nas que a chuva fora máis escasa. Tendo en conta as 16 estacións meteorolóxicas representativas da serie rexional galega a precipitación rexistrada foi de 113 L/m². Isto representa unha porcentaxe dun 20 % superior ao período de referencia 1981-2010, cualificándose o mes como húmido, co seu precedente máis húmido en 2020.

En canto ao vento, destacan as xornadas do 10 e o 12 nas que en varias localidades se superou o limiar dos 100km/h, cunha compoñente dominante do leste, e unha porcentaxe de calmas elevada en moitos lugares.

A configuración sinóptica de anomalías de presión en superficie e, dun xeito máis acusado en altura (Figura 3) mostra unha anomalía positiva moi forte que mostra ao anticiclón centroeuropeo moi fortalecido. Do mesmo xeito, pódese apreciar unha anomalía negativa que afecta a gran parte da Península e que da conta das sucesivas borrascas que se sucederon neste mes de marzo.




Figura 3: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de marzo, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.4. Abril

O mes de abril foi tipicamente primaveral, con alternancia de situacións frías e secas con outras chuviosas pero tamén máis mornas. A mediados e finais de mes predominaron os períodos anticiclónicos. Así a temperatura acadou valores normais e a chuva que estivo moi irregularmente repartida, no conxunto de Galicia foi inferior ao agardado. Así, o mes de **abril foi seco e normal en temperatura.**

A entrada progresiva, na primeira xornada do mes, dun anticiclón trouxo a entrada de aire moi frío procedente do continente europeo. Así, que nas xornadas seguintes aínda que predominou a estabilidade, as temperaturas continuaron sendo moi baixas, rexistrándose importantes xeadas en moitas comarcas do interior.

Na xornada do 7, esta situación cambiou ca chegada da borrasca nomeada *Diego* que trouxo chuvias xeneralizadas e ventos intensos que se mantiveron ao longo do seguinte día do mes. Nas xornadas do 9 e o 10 a borrasca *Diego* afastábase cara o leste, pero xa no día 11 chegou outra borrasca nomeada *Evelyn* que deixou chuvias intermitentes en toda a Comunidade e un descenso da temperatura.

Tras o paso destas borrascas, destaca o período comprendido entre os días 14 e 17, que foron de tempo seco, soleado e con importantes ascensos de temperatura, que deixaron no día 16, temperaturas de máis de 30 °C en puntos do interior de Galicia.

Nos días posteriores destaca o 19, no que unha borrasca achegaba aire frío e unha baixada moi acusada das temperaturas en toda a Comunidade, continuando esta situación ata o día 23 e, dando lugar á aparición da neve por debaixo dos 1000 m.



Neste mes tamén destacou a xornada do 26, na que unha baixa procedente do Atlántico, con aire frío en altura, provocou a aparición de fenómenos tormentosos nesta e na seguinte xornada do mes.

Finalmente, o mes rematou con días anticiclónicos nos que as altas presións ao norte achegaron aire cálido, e polo tanto o ascenso das temperaturas foi significativo.

Os valores medios de temperatura no conxunto do mes non se afastaron dos valores normais, xa que os períodos moi fríos de principios e mediados de mes, compensáronse cos douros períodos cálidos anticiclónicos. Así, a temperatura media das once estacións representativas de Galicia foi de 11.8 °C. Isto representa unha anomalía de 0.0 °C, resultando un mes de abril normal, no que as temperaturas máximas foron cálidas (+0.5 °C), mentres que as mínimas foron frías (-0.5 °C).

Aínda que a chegada dalgunhas fronteas activas asociadas ás borrascas *Diego* e *Evelyn* deixaron chuvias bastante xeneralizadas, o resto dos días as precipitacións foron moi irregulares e só nalgunhas rexións se superaron os valores normais, no resto da Comunidade a tónica foi un déficit deuvia. Para a serie rexional galega representativa, a precipitación acadou un valor de 78 L/m². Isto representa unha porcentaxe dun 32% inferior ao valor climático normal, considerándose o mes seco. O precedente máis seco atopámolo en 2017.

En canto ao vento superouse en varias localidades e en xornadas diferentes o limiar dos 100km/h. Destacaron as xornadas do 8 e do 10. A compoñente dominante foi de E-NE, e a porcentaxe de calmas foi elevada en xeral.

Na configuración sinóptica do mapa de anomalías de presión, en superficie e en altura (Figura 4) aparece unha anomalía negativa situada no Atlántico onde se concentran as borrascas, e que en altura afecta á península Ibérica, aínda que acada valores normais en superficie na mesma. Tamén, aparece unha anomalía positiva moi forte no entorno de Islandia en ambas configuracións, que contribuíu aos períodos secos do mes.




Figura 4: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de abril, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.5. Maio

A frecuente aparición de situacións meteorolóxicas de altas presións ao norte da península Ibérica foi o que definiu o mes de maio. Estas situacións achegaban aire cálido e estabilidade, polo que o tempo foi seco e as temperaturas máis elevadas do normal para a época do ano. Así o mes de **maio** foi **moi seco** e **extremadamente cálido**.

O primeiro episodio do mes co estancamento anticiclónico ao norte da Península mantívose dende a xornada do día 5 ata o día 13. Así, entre o 7 e o 10 rexistráronse en amplas zonas do interior, temperaturas que superaron os 30 °C e 25 °C no litoral de Pontevedra e oeste da Coruña, quedando tan só o terzo norte con temperaturas algo máis frescas.

O día 14 foi de transición xa que entraba aire frío en altura, adiantando a presenza das baixas presións en superficie, que notamos xa o día 15. Nesta xornada a pesar de que as temperaturas aínda eran elevadas, sucedéronse chuvascos tormentosos nas primeiras e derradeiras horas do día.

Os efectos desta borrasca mantivéronse nos días posteriores, deixando chuvias principalmente en Pontevedra e o sur da provincia da Coruña, aínda que de xeito máis illado afectaron a outros puntos da Comunidade. Ata o día 24 houbo situacións intermedias, e inestabilidade con algúns chuvascos e chuvias febles que non puideron compensar o déficit de precipitación do primeiro período. Ademais, entre o 26 e o 28 o tempo foi novamente anticiclónico, e no último día deste período en Galicia se superaron os 35 °C en zonas de val do interior.

O día 29 destaca a entrada de aire frío, provocando tormentas que foron particularmente importantes no sur de Lugo e de Ourense.



O mes rematou con dúas xornadas nas que Galicia quedou baixo a influencia dun centro de baixas presións localizado entre os Azores e a península Ibérica, deixando tempo cambiante e chuvascos, dispersos e ocasionais o día 30, pero máis intensos e xeneralizados o 31.

A predominancia anticiclónica, que non puido ser compensada polos escasos períodos de borrascas, fixo que as temperaturas en xeral fosen moi elevadas para a época do ano, xa que os anticiclóns achegaban aire cálido procedente do norte de África. Así, a temperatura media para a serie rexional galega con 11 estacións representativas foi de 16.9 °C. Isto representa unha anomalía de +2.5 °C, cualificándose o mes de maio como extremadamente cálido. Tamén, foi extremadamente cálido para as máximas (+3.5 °C) e as mínimas (+1.6 °C). O precedente máis cálido e o máis elevado da serie atopámolo en 2020.

A chuvias en maio foron moi escasas, con cantidades acumuladas que foron inferiores á metade do normal para a época do ano. Con períodos de borrasca de pouca duración, e fronte pouco activas. Tan só os días 29 e 31 tivemos tormentas, pero agás puntos illados, non foron quen de equilibrar o déficit que se arrastraba do resto do mes. Así, a precipitación para a serie representativa galega foi de 38 L/m². Isto representa unha porcentaxe de precipitación dun 62% inferior ao valor climático normal, cualificándose o mes como moi seco. O precedente máis seco atopámolo en 2019.

Neste mes tan só en 3 estacións se superou o limiar dos 100 km/h, a porcentaxe de calmas foi moi elevada en xeral e non hai unha dirección do vento ben definida de forma xeral nas distintas estacións meteorolóxicas.

A configuración sinóptica de anomalías de presión en superficie e dun xeito moito máis acusado en altura (Figura 5), mostra unha anomalía positiva, centrada ao norte da península Ibérica, que explica a predominancia anticiclónica deste mes de maio, que impediu a entrada das borrascas tal como mostra a forte anomalía negativa ao sur de Islandia en superficie e que se estende ao oeste dos Azores en altura.




Figura 5: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de maio, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.6. Xuño

A gran variabilidade de situacións meteorolóxicas que se sucederon no mes de xuño definiron a súa cualificación. Houbo unha semana a mediados de mes extremadamente cálida e seca, pero uns inicios e finais de mes fríos e húmidos. As chuvias rexistradas na primeira semana e nos últimos 10 días fixeron que o mes de **xuño** fose **húmido** e, o contraste nas temperaturas leva a que as anomalías non sexan moi pronunciadas e en **temperatura media**, o mes considérase **normal**.

Nos primeiros catro días a influencia dunha baixa desprendida e localizada entre os Azores e a península Ibérica, impulsaba aire morno en superficie e frío en altura, polo que os chuvascos asociados foron de tipo tormentoso. Novamente entre o 6 e o 8, baixo a influencia das baixas presións, houbo precipitacións que foron particularmente persistentes no oeste na xornada do día 6.

Entre o 9 e o 15 a influencia foi anticiclónica, con elevadas temperaturas de xeito illado que superaron os 35 °C no val da provincia de Ourense. Na xornada do 10 destacaron as ondas, acadando valores de ata 4 metros de altura. Entre o 13 e o 15 chegou a Galicia unha masa de aire de orixe norteafricana, con temperaturas moi elevadas que superaron os 35 °C en moitos puntos do sur da Comunidade ao mesmo tempo que se produciu o achegamento de po Sahariano nesta zona.

Entre a noite do día 15 e na madrugada do 16, a chegada dunha liña de tormentas moi activa percorreu gran parte de Galicia, manténdose aínda temperaturas elevadas nas xornadas posteriores.



O día 19 unha baixa preto da nosa Comunidade deixou aire máis fresco e húmido de orixe atlántico que deu lugar a un descenso acusado das temperaturas e precipitacións. As xornadas seguintes foron tamén de influencia das baixas presións, con chuvascos intermitentes, que no 22 e 23 tiveron un carácter localmente tormentoso. O 24 unha valgada bastante profunda no Atlántico norte, alimentou borrascas bastante acusadas en superficie. Nesta mesma xornada a borrasca introduciu aire frío e deixaba chuvias na Comunidade. As dúas xornadas que lle seguiron a pesar de que as chuvias foron escasas, as temperaturas foron moi baixas para a época do ano. Aínda que os días posteriores foron de ascenso de temperaturas o mes rematou novamente baixo a influencia das baixas presións.

Os días 27 e 28 esas baixas presións movíanse algo cara ao norte, entrando en Galicia unha cuña anticiclónica que deixaba dous días de tempo seco e con ascenso de temperatura, pero o 29 e o 30 o mes remataba novamente coa influencia das baixas presións atlánticas.

As baixas temperaturas predominante do mes, foron compensadas co significativo episodio de calor de mediados de mes. Así, a temperatura media para a serie rexional representativa de Galicia foi de 17.8 °C. Isto representa unha anomalía de +0.1 °C, considerándose o mes de xuño normal. Sen embargo, as temperaturas máximas foron frías (-0.6 °C), mentres que as mínimas foron moi cálidas (+0.8 °C). O precedente máis cálido atópase no ano 2017.

Nun mes no que non é moi habitual que as chuvias sexan moi significativas, xuño quedou caracterizado neste caso, pola abundancia de chuvias para tratarse de xuño. De feito, nos dous primeiros días do mes, xa se acadaban os valores normais de precipitación para a época do ano. A precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional foi de 86 L/m². Isto representa unha porcentaxe dun 78 % por riba do normal, considerándose o mes húmido. En canto ao vento, tan só en tres estacións meteorolóxicas se superaron os 100 km/h, pero o fixeron en varias xornadas do mes, sendo as máis ventosas as intermedias. A porcentaxe de calmas foi en xeral moi elevada e non houbo unha dirección de vento predominante xeneralizada para todas as estacións.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías (Figura 6) de presión en superficie mostra unha anomalía negativa afectando á Comunidade, que afasta o anticiclón dos Azores cara o oeste, mentres que en altura esta anomalía afecta ao oeste de Galicia. Isto explica o elevado número de días con inestabilidade atmosférica que caracterizou o mes de xuño.




Figura 6: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xuño, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.7. Xullo

No mes de xullo a predominancia anticiclónica, que impediu a entrada das borrascas atlánticas e ademais, achegou masas de aire moi cálido procedentes do norte de África e do sur da península Ibérica, fixeron que as temperaturas fosen moi elevadas para a época do ano e as precipitacións foron moi escasas. Así, o mes de **xullo** foi **moi seco e extremadamente cálido**.

As altas presións entrando en forma de cuña dende os Azores, pero a presenza de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera, deixou a partir da terceira xornada do mes, tormentas en moitos puntos de Galicia, que nos tres días posteriores, se repetiron xa en zonas illadas do interior.

A partir do día 7, ca desaparición da zona de aire frío en altura, a influencia anticiclónica deixou un importante ascenso das temperaturas que, nas dúas seguintes xornadas e, en particular no día 9, moitos lugares de Galicia viviron unha noite tropical e as máximas superaron os 40 °C en puntos de Ourense, e en xeral os 35 °C no sur da Comunidade.

Entre os días 11 e 15 Galicia viviu una vaga de calor histórica. Á presenza das altas presións ao norte da península Ibérica engadiuse unha DANA que se localizaba entre a península Ibérica e os Azores e impulsaba aire aínda máis cálido cara á nosa Comunidade. Así, os termómetros superaron nese período os 40°C en moitos puntos de Galicia, destacando os 44°C rexistrados en Ourense na tarde do 14. Precisamente nesa tarde vivimos un evento denominado *Sistema Convectivo de Mesoescala*. Esa tarde unha área de tormentas bastante organizadas no norte de Portugal disparou de xeito súbito e rápido un área tormentosa do tamaño de Galicia, que en menos de 4 horas deixaba máis de 6000 raios.



A situación de calor intenso aínda se mantivo nos seguintes días, pero a masa de aire cálido foi desprazándose cara ao leste lentamente, ata desaparecer completamente de Galicia na xornada do 19, na que se rexistraron en Galicia chuvias moi febles. Tan só na xornada do 29 se repetiu unha situación de chuvias pouco importantes. As temperaturas elevadas foron pois a característica principal ao longo do mes.

En canto á temperatura os valores foron moito máis elevadas do agardado, destacando na temperaturas máxima anomalías que nalgúns puntos superaron os 5 °C. Isto debeuse aos episodios de calor recorrentes, sen apenas xornadas frescas. De feito, na cidade de Ourense, soamente dous días rexistráronse temperaturas máximas inferiores aos 30 °C. Así, a temperatura media da serie de 11 estacións representativas tivo un valor de 22.4 °C. Isto representa unha anomalía de +2.7 °C, cualificándose o mes como extremadamente cálido. As máximas tamén foron extremadamente cálidas (+3.9 °C), mentres que as mínimas foron moi cálidas (+1.5 °C). Tanto na temperatura máxima como na temperatura media acadouse o valor de anomalía máis elevado da serie histórica.

As chuvias foron escasas e distribuídas irregularmente polo territorio galego debido a que a meirande parte das precipitacións rexistradas foron de tipo convectivo. As máis importantes ocorreron na mañá do día 3 e na tarde-noite do 14, pero afectaron de forma moi desigual á Comunidade. Así, nalgúns puntos as chuvias acumuladas foron moi escasas o nulas, mentres que outros puntos achegáronse aos valores normais e mesmo foron húmidos. Así, para a serie rexional constituída por 16 estacións representativas a precipitación foi de 9 L/m². Isto representou unha porcentaxe de precipitación dun 66% inferior ao valor climático normal, cualificándose o mes como moi seco. O precedente máis seco xa se atopa no ano 2020.

En canto ao vento, aínda que en varias xornadas, tan só en tres estacións se superou o limiar dos 100 km/h. As xornadas máis ventosas foron as do 14 e o 15. A porcentaxe de calmas foi moi elevada en xeral e a dirección predominante foi de NE-E, debido á presenza de situacións anticiclónicas.

A configuración sinóptica das anomalías de presión (Figura 7) en superficie mostra unha anomalía positiva de presións situada ao oeste das Illas Británicas, mentres que en altura esta anomalía estendíase dunha forma máis acusada a practicamente toda a Península, pero afectaba principalmente ao norte da mesma. Estas anomalías positivas afastaron as borrascas do norte e teñen en ambas configuracións, unha forte compoñente E-NE.




Figura 7: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xullo, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.8. Agosto

A pesar de que as altas presións e as presenza de aire cálido seguiron predominando durante o mes de agosto, tratouse dun mes máis cambiante que xullo, pola aparición de situacións menos estables e mesmo a visita dun centro de baixas presións a mediados de mes. Así, o mes de **agosto** foi **seco** e **moi cálido**.

Así, nas dúas primeiras xornadas do mes o tempo foi seco as temperaturas superaron nalgúns puntos os 40 °C. Nos días seguintes a entrada dunha valgada en altura provocou tormentas illadas no interior e unha dirección de vento predominante do nordés.

A partir do día 6 a estabilidade e a presenza de augas frías do litoral propiciada polos afloramentos dos días anteriores, deu lugar á entrada de néboas durante a tarde polo litoral atlántico. Os seguintes 5 días, a pesar de que a situación foi anticiclónica, a ausencia de ventos mantivo as brétemas moi pegadas ao litoral de Pontevedra e sur da Coruña. Isto provocou que as temperaturas foran baixas para a época do ano nestas zonas. Porén, no interior as temperaturas volvían a ascender con forza ata superar puntualmente os 40 °C. Nas tardes do 9 e o 10 estas altas temperaturas viñeron acompañadas por fenómenos tormentosos, con case 2000 e 3000 raios rexistrados, respectivamente.

Nas xornadas do 12 ao 14 aínda que o tempo foi seco, tivemos intervalos de nubes baixas e brétemas no litoral, cun descenso das temperaturas bastante xeneralizado. Así a mediados de mes un centro de baixas presións afectaba a Galicia deixando dúas xornadas con precipitacións.



Na xornada do 18 comezaba un novo período anticiclónico que se prolongaba ata o 21, no que tivemos a entrada dunha fronte ocluída que deixaba algunhas nubes na provincia da Coruña. A semana entre o 22 e o 28 quedou determinada por unha situación na que as altas presións entraban en forma de cuña dende os Azores, deixando ventos do nordés. Ademais, a partir do 23 engadimos o factor da presenza de aire frío en altura. Isto deixaba situacións diversas na Comunidade: nubes, algunhas chuvias e temperaturas baixas no terzo norte, sol nas Rías Baixas e ambiente de tormenta en puntos do interior, sendo a tarde de máis actividade tormentosa a do 24. No 29 mantívose a situación, pero sen fenómenos tormentosos.

A situación mudou nas últimas xornadas do mes, nas que entraron masas de aire atlántico con aumento das nubes, e un descenso das temperaturas, pero sen chuvias.

A persistencia das situacións anticiclónicas, fixo que as temperaturas foran elevadas, tanto as máximas como as mínimas. Esta anomalía é relativamente forte no leste da Comunidade, pero moito menos evidentes no oeste, onde os episodios de entrada de nubes e néboas no litoral compensaron as situacións de calor de principios e mediados de mes. Así, a temperatura media para as once estacións que compoñen a serie rexional foi de 21.8 °C. Isto supón unha anomalía de +1.9 °C, considerándose o mes moi cálido. As temperaturas máximas (+2.1 °C) e as mínimas (+1.6 °C), tamén foron moi cálidas. O precedente máis cálido é 2003.

As precipitacións neste mes foron escasas, destacando tan só as xornadas do 15 e o 16. O resto de precipitacións que se rexistraron na Comunidade estiveron asociadas a fenómenos tormentosos e se deron en puntos illados. Isto foi así en gran parte de Galicia pero non na Mariña Lucense, na que nos dez últimos días os ventos de nordés ocasionados polo anticiclón, produciron nubes de estancamento e precipitacións persistentes. Así, a precipitación para a serie rexional de Galicia foi de 22 L/m². Isto supón un porcentaxe de precipitación un 39 % inferior ao valor climático normal, resultando un mes seco. O precedente máis seco foi o 2018.

No mes de agosto as xornadas non foron moi ventosas, e tan só en dúas estacións se rexistraron ventos superiores aos 100 km/h, aínda que foi en varias xornadas. A porcentaxe de calmas foi en xeral moi elevada provocada pola estabilidade atmosférica, a dirección de vento predominante foi o NE-E, pero tamén foi moi variable dependendo das distintas rexións.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalía de presión en superficie e altura (Figura 8) mostra a predominancia de anticiclóns sobre as illas Británicas, esta anomalía positiva da conta do achegamento de masas de aire norteafricano, moi cálidas, que ocasionaron a presenza de baixas térmicas sobre a Península, que explica a anomalía negativa que se observa na mesma. Sen embargo, en altura non temos esta anomalía debido a que as baixas térmicas non chegan a esa altitude.




Figura 8: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de agosto, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.9. Setembro

Setembro foi un mes moi variable, con situacións anticiclónicas intensas mesturadas coa chegada de borrascas atlánticas intensas e incluso a chegada dos restos dunha tormenta tropical a mediados do mes. Así a precipitación achegouse aos valores normais para a época do ano, pero as temperaturas, e principalmente as mínimas, foron máis elevadas do agardado. Así o mes de **setembro** foi **cálido** e **normal en precipitación**.

Destaca a borrasca que se moveu cara Galicia na xornada do 4, afectando á Comunidade. O movemento das fronteas asociadas a esta borrasca nos días posteriores quedouse bloqueado polas altas presións no Mediterráneo occidental, isto provocou que ata a xornada do 7, as chuvias no oeste da Coruña e puntos das Rías Baixas fosen persistentes e de intensidade moderada, con valores acumulados de ata 100 L/m². Porén, nas zonas do interior apenas se viron afectadas polas precipitacións, aínda que no último día si se rexistraron valores importantes de precipitación en Ourense.

Destaca a estabilidade entre os días 9 e 11, nos que se superaron en puntos illados do interior temperaturas de máis de 30 °C.



O día 12 produciuse o achegamento a Galicia dos restos da tormenta tropical *Danielle*. Isto provocou nas tres seguintes xornadas precipitacións en toda Galicia, puntualmente fortes e con aparato eléctrico.

Entre o 16 e o 22, regresaron as situacións anticiclónicas, coas altas presións situadas ao norte da península Ibérica. Así en puntos do interior, os valores máximos superaron aos 30 °C de xeito bastante xeneralizado, mentres que no litoral se superaban os 25 °C.

Entre os días 23 e 27 destacou a baixada de temperatura e a intensidade do vento, que nalgúns puntos do litoral foi especialmente persistente e estivo asociada á entrada de aire frío procedente do norte.

Os días 28 e 29 houbo chuvias xeneralizadas, rematando o mes nunha situación de transición cara as altas presións.

Neste mes de setembro, as temperaturas máximas non se afastaron da normalidade de xeito significativo xa que os intervalos cálidos anticiclónicos compensáronse cos períodos de entrada de aire frío procedente do norte. Sen embargo, os valores medios das mínimas si que foron máis elevados do habitual nesta época do ano. Así, a temperatura media das once estacións da serie rexional galega foi de 18.6 °C. Isto supón unha anomalía de +0.6 °C, considerándose o mes cálido. As temperaturas máximas foron normais (+0.1 °C), mentres que as mínimas foron cálidas (+1.1 °C).

A precipitación neste mes de setembro foi bastante normal, pero cun gran contraste entre o oeste da Coruña, coas anomalías inferiores ao normal en lugares do interior da Comunidade. Así a chuva media das 16 estacións que compoñen a serie rexional galega foi de 80 L/m². Isto representa unha porcentaxe dun 1% inferior ao valor climático normal, considerándose o mes de setembro normal tendo en conta esta variable.

En canto ao vento tan só nunha estación se superaron os 100 km/h. A porcentaxe de calmas foi en xeral elevada debido ao predominio de situacións de estabilidade atmosférica. A dirección de vento predominante foi moi variable dependendo das diferentes rexións da Comunidade.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión en superficie e altura xeopotencial (Figura 9), presenta unha forte anomalía positiva en centro Europa, estando en altura máis próxima ás Illas Británicas. En superficie apréciase unha anomalía negativa ao oeste de Lisboa, que foi a responsable das situacións tormentosas que se deron no mes e dalgúns episodios de chuvias xeneralizadas. En Galicia os valores de presión foron normais en ambas configuracións.




Figura 9: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de setembro, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.10. Outubro

Outubro tivo dúas metades moi diferenciadas. Na primeira quincena houbo predominio anticiclónico, con estabilidade e presenza de aire cálido, cun tempo máis propio da estación de verán. Sen embargo, na segunda quincena a posición das borrascas, localizadas entre os Azores e a península Ibérica, deixou moitas chuvias, que foron por momentos moi xeneralizadas. Cadrando co paso dos sistemas frontais, estas chuvias eran persistentes e de intensidades moderadas, podendo caracterizar este mes como húmido a pesar da escaseza das precipitacións ao principio do mes. Así, o mes de **outubro** foi **extremadamente cálido e húmido**.

Entre o 3 e o 4 as altas presións achegaron aire cálido dende o sur, de forma que en puntos do interior acadáronse valores de temperatura superiores ao 30 °C. Entre o 6 e o 8, de novo as temperaturas foron elevadas, e pola tarde en puntos do interior se ocasionaron situacións potencialmente tormentosas.

A partir da xornada do 15 quedamos xa na influencia das baixas presións, con ventos do suroeste e chuvias, que foron afectando nas seguintes xornadas a distintos puntos da Comunidade. O día 17, Galicia quedou no límite do radio de acción dunha borrasca, que na xornada seguinte uníase á circulación xeral, ocasionando a aparición dunha gran valgada no Atlántico norte con moita inestabilidade.

O día 19 esta borrasca que foi nomeada *Armand*, deixou importantes precipitacións e ventos en toda Galicia, nesta e nas seguintes xornadas.

A esta borrasca seguiuille outra nomeada *Beatrice*, que o 22 e o 23 tamén deixaba fortes chuvias e ventos intensos, con avisos entre amarelos e laranxas por toda Galicia. Tras unha



xornada de transición, as precipitacións volveron a ser moi intensas entre o 25 e o 27, na madrugada do último día deste período as precipitacións viñeron acompañadas de aparato eléctrico. Nos días 28 e 29, á chuvia sumáronse fortes refachos de vento. O mes rematou tamén baixo a influencia dunha fronte que deixaba chuvias xeneralizadas na metade do día. Outubro presentou valores de temperatura por riba da media climática, tanto nas mínimas como nas máximas, isto débese sobre todo á anomalía positiva da primeira quincena do mes que non puido ser revertida na segunda quincena, xa que os episodios de baixas presións chegaron con ventos de compoñente sur, mantendo as temperaturas moi suaves. Así, a temperatura media das once estacións representativas de Galicia foi de 16.9 °C. Isto supón unha anomalía de +2.5 °C, considerándose o mes extremadamente cálido. As temperaturas máximas foron moi cálidas (+2.0 °C), mentres que as mínimas tamén foron extremadamente cálidas (+2.9 °C). Resultou o segundo ano máis cálido da serie histórica despois do 2014.

En outubro as chuvias estiveron por riba do valor climático normal. O exceso de precipitación explícase pola posición das borrascas nas dúas derradeiras semanas, nas que houbo chuvias intensas e persistentes ao longo da segunda quincena do mes. Así, a precipitación media obtida para as 16 estacións representativas de Galicia foi de 223 L/m². Isto supón unha porcentaxe de precipitación dun 36 % por riba do normal. Deste xeito o mes considérase húmido, co precedente máis húmido en 2013.

En canto ao vento, en numerosas estacións se rexistraron valores de refacho máximo superior aos 100 km/h. Ademais, este limiar, superouse en varias xornadas no mes. A porcentaxe de calmas foi moi variable debido ás situacións que foron de estabilidade atmosférica da primeira quincena e, a inestabilidade na segunda. A dirección predominante foi de sur-suroeste debido ao predominio desta compoñente na segunda metade do mes.

A configuración sinóptica das anomalías de presión, mostran en superficie e en altura xeopotencial (Figura 10), apréciase unha valgada de presións baixas centrada no norte dos Azores, debido ás situacións predominantes da segunda quincena do mes e, unha forte anomalía positiva en Europa central. Na configuración de superficie as anomalías negativas están moi próximas á Comunidade, dando conta das situacións de fronteas asociadas a borrascas importantes da segunda quincena do mes. En altura, sen embargo, apréciase unha influencia anticiclónica, aínda que con valores moi discretos.




Figura 10: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de outubro, con respecto ao período de referencia 1991-2020.

2.11. Novembro

Novembro, quedou caracterizado polo continuo paso de borrascas polo Atlántico norte, a meirande parte delas afectando a Galicia. Por este motivo as cantidades de chuvia acumuladas superaron os valores climatolóxicos propios do mes. A gran maioría destas borrascas trouxeron ventos de compoñente sur, polo que o mes foi máis cálido do habitual nesta época do ano. Así **novembro foi moi húmido e cálido**.

O paso de sucesivas fronteiras moi activas con chuvias intensas e xeneralizadas, e ventos intensos foi continua con poucos períodos de tempo seco e solleiro. Destacou a xornada do 15, con cuantiosas precipitacións que motivaban un aviso amarelo por chuvia nas comarcas atlánticas, isto repetiuse novamente na seguinte xornada do mes.

Os días 17 e 18 presentaron chuvascos intermitentes, localmente con aparato eléctrico e sarabia e neve en cotas por riba dos 1200 metros.

Na xornada do 21 houbo que dar un novo aviso por chuvia na primeira metade do día e entrada de aire frío na segunda.

Neste mes de novembro as temperaturas medias foron elevadas para a época do ano, motivado polas elevadas temperaturas rexistradas nos escasos períodos anticiclónicos, pero tamén porque nos días de inestabilidade os ventos de sur predominantes, achegaron masas de aire morno.

As temperaturas en media foron elevadas para un mes de novembro, tanto nos valores mínimos como nos máximos. Isto foi motivado polas elevadas temperaturas rexistradas nos escasos períodos anticiclónicos, pero principalmente polo feito de que os días de

inestabilidade os ventos de sur foron predominantes achegando masas de aire morno. Así, a temperatura media para a serie rexional representativa foi de 12.0 °C. Isto representa unha anomalía de +1.2 °C, o que fixo que o mes se considerase cálido. Tamén as temperaturas máximas (+0.8 °C) como as mínimas (+1.6 °C), foron tamén cálidas. O precedente máis cálido foi 2020.

Neste mes de novembro, as chuvias acumuladas estiveron en xeral por riba das agardadas, debido a que as borrascas foron en xeral, bastante activas, e as masas de aire non eran frías isto foi a causa de que as cantidades de chuvia nalgúns días fosen moi elevadas, mesmo con avisos por acumulacións de precipitación. Así a chuvia acumulada para a serie rexional de 16 estacións representativas foi de 255 L/m². Isto representou unha porcentaxe de precipitación dun 50 % por riba do normal, considerándose o mes moi húmido, e co seu precedente máis húmido en 2019.

En canto ao vento, houbo varias estacións que rexistraron valores de refacho máximo de vento superiores aos 100 km/h, ademais fixérono en varias xornadas do mes. A porcentaxe de calmas neste caso foi baixa en xeral, mentres que a dirección de vento predominante foi de sur- suroeste debido ao predominio desta compoñente pola continua chegada de borrascas a Galicia.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión tanto en superficie como en altura (Figura 11) mostra unha forte anomalía negativa ao oeste das Illas Británicas, responsable do continuo paso de borrascas que afectaron á Comunidade. Na configuración en altura apréciase unha anomalía positiva que afecta a gran parte da Comunidade. Sen embargo, en ambas configuracións a circulación predominante é de suroeste.




Figura 11: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de novembro, con respecto ao período de referencia 1991-2020.



2.12. Decembro

O ano rematou cun mes de decembro, no que agás na primeira semana, Galicia quedou baixo a influencia das borrascas atlánticas, que en ocasións foron estacionarias pola presenza de altas presións no Mediterráneo occidental, polo tanto con grandes cantidades de precipitación. Por iso, neste mes de decembro, rexistramos chuvias por riba do agardado nun mes de decembro. Pero ademais, estas situacións con ventos do sur que achegaban masas de aire máis cálido do normal á Comunidade, con temperaturas elevadas para a época do ano. Así, **decembro** foi **moi húmido** pero tamén **moi cálido**.

Ata o día 12, agás nas tres primeiras xornadas do mes, que foron de estabilidade, as situacións foron intermedias con nubes baixas e precipitación escasas. Pero o día 12 a situación mudou drasticamente, coa chegada dos efectos da borrasca *Efraín* que fixo que tivéssemos un día de temporal de vento e chuvia en toda a Comunidade. Os efectos desta borrasca mantivéronse ata a xornada do 15, pero os ventos e chuvias foron de menor intensidade.

Tras dúas xornadas de estabilidade o 18, achegouse a Galicia outra borrasca que volveu a deixar unha xornada de fortes ventos do sur en toda a Comunidade e chuvias que comezaron nesta xornada pero que, na seguinte fixéronse intensas e xeneralizadas e se mantiveron ata a primeira metade do día 20.

Nos días 21 e 22 as chuvias se concentraban en Pontevedra e sur da Coruña, pero entre a xornada do 23 e o 25 Galicia quedou entre as borrascas atlánticas e o anticiclón do Mediterráneo, con vento do sur e precipitacións moi abondosas que se concentraron especialmente nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Aínda que o 26 e 27 foron situacións anticiclónicas, con tempo seco e moi soleado sobre todo o 27. No 29 achegouse unha nova borrasca, que foi collendo forza nos derradeiros días do ano, deixando chuvias intensas na tarde-noite do 29, fortes ventos nas xornadas do 30 e o 31 e chuvias intensas nas derradeiras horas do 31.

Este mes de decembro os valores de temperatura media estiveron moi por riba do agardado nesta época do ano. Isto explícase pola persistencia dos ventos de compoñente sur, que achegaron masas de aire morno e ademais deixaban nebulosidade abundante que impediu a baixada das temperaturas durante as madrugadas. Así a temperatura media para a serie rexional de 11 estacións representativas de Galicia foi de 11.0 °C. Isto supuxo unha anomalía de +2.3 °C, cualificándose o mes como moi cálido. Tamén as máximas (+1.6 °C) como as

mínimas (+3.0 °C), foron moi cálidas. Resultou ser o terceiro decembro máis cálido da serie histórica.

As chuvias acumuladas superaron aos valores climáticos normais de decembro, que aínda así adoita ser o máis chuvioso do ano. Isto a pesar de que comezaba nos primeiros 10 días con tempo seco. Pero nas últimas 3 semanas a constante chegada de borrascas, algunhas delas moi activas, deixaba episodios de chuva bastante frecuentes, destacando os valores acumulados das xornadas do 19, 23, 24 e 31. Así a precipitación acumulada para a serie de 16 estacións representativas de Galicia foi de 293 L/m². Isto representou unha porcentaxe de precipitación dun 59 % por riba do normal, considerándose o mes moi húmido. O precedente máis húmido foi 2020.

En canto ao vento, foron moitas estacións meteorolóxicas que rexistraron refachos máximos superiores aos 100 km/h, e o fixeron en xornadas diferentes. Destacan as do 31, pero tamén as do 12, o 18 e o 19, como as que acadaron os rexistros máis elevados. A dirección de vento predominante foi a de Sur-Suroeste, con unha porcentaxe de calmas propia para a época do ano.

A configuración sinóptica das anomalías de presión (Figura 12) mostra unha forte anomalía negativa ao oeste da península Ibérica en ambas configuracións, que da conta do sucesivo paso de borrascas que afectaron a Comunidade este mes, mentres que hai unha forte anomalía positiva en Groenlandia. Na configuración en altura obsérvase unha anomalía positiva no Mediterráneo occidental, que fixo que as borrascas entre o 23 e o 25 fosen estacionarias sobre Galicia.




Figura 12: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de novembro, con respecto ao período de referencia 1991-2020.



3 DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2022 EN GALICIA

3.1. Temperatura.

Neste documento vanse tomar os criterios da Táboa 1 para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2022.

| Temperatura | |
|-----------------------|----------------------------|
| Categoría | Percentil |
| extremadamente frío | ≤mínimo (1981-2010) |
| moi frío | Entre mínimo (81-10) e 20% |
| frío | Entre 20% e 40% |
| normal | Entre 40% e 60% |
| cálido | Entre 60% e 80% |
| moi cálido | Entre 80% e máximo (81-10) |
| extremadamente cálido | ≥máximo (1981-2010) |

Táboa 1: Descrición das temperaturas en función dos percentiles da serie 1981-2010.

En canto á temperatura, **xaneiro** do ano 2022 resultou **cálido** debido principalmente ao período entre a xornada do 13 ata o último día do mes, con mañás frías e presenza de xeadas no interior e néboas nos vales e tardes solleiras con temperaturas moi suaves. Así, as máximas foron extremadamente cálidas, e as mínimas foron frías.

O mes de **febreiro** resultou **cálido**, debido as frecuentes situacións anticiclónicas deixaron mínimas propias dun mes de febreiro pero máximas que foron moi cálidas.

En **marzo** as temperaturas as temperaturas que comezaron con valores por debaixo dos habituais para a época do ano, recuperáronse na segunda quincena pero con valores non moi elevados, así tendo en conta a temperatura media foi o mes foi **normal**. As máximas tamén foron normais no conxunto do mes, mentres que as mínimas foron lixeiramente cálidas.

No mes de **abril** as temperaturas non se afastaron das propias desta época do ano, resultando un mes normal, no que se compensaron os períodos anticiclónicos cálidos cos períodos moi fríos de principios e mediados de mes. Así as máximas foron cálidas e as mínimas frías.

O predominio anticiclónico no mes de maio, coas altas presións ao norte da península Ibérica definiu un mes de **maio extremadamente cálido**. Cos anticiclóns achegando aire cálido do



norte de África e os escasos períodos de borrascas fixo que as temperaturas máximas e mínimas, tamén fosen extremadamente cálidas.

O mes de **xuño** cunha gran variabilidade meteorolóxica, presentou un contraste de temperaturas que deixou anomalías na temperatura media que se compensaron, resultando un mes **normal**. As máximas foron frías e as mínimas foron moi cálidas.

Xullo foi **extremadamente cálido** pola predominancia de situacións anticiclónicas, con masas de aire moi cálido do norte de África e do sur da península Ibérica e con apenas presenza de xornadas frescas. Así, máximas foron extremadamente cálidas e as mínimas foron moi cálidas. Como exemplo, nunha cidade como Ourense, en tan só dúas xornadas as máximas baixaron dos 30 °C.

Agosto foi un mes **moi cálido** en canto á temperatura. Isto debeuse principalmente á persistencia das situacións anticiclónicas que fixo que as temperaturas máximas e as mínimas fosen moi cálidas tamén. A anomalía positiva foi especialmente forte no leste da Comunidade e menos evidente no oeste, onde os episodios de entrada de nubes e néboas no litoral compensaron as situacións de calor de principios e mediados de mes.

O mes de **setembro** foi **cálido** tendo en conta as temperaturas medias, as máximas foron normais xa que os intervalos cálidos anticiclónicos compensáronse cos períodos de entrada de aire frío procedente do norte. Pero as mínimas foron cálidas xa que os valores foron máis elevados do habitual nesta época do ano.

Outubro presentou unha forte anomalía positiva de temperaturas na primeira quincena do mes, dominada pola presenza anticiclónica, que os episodios de baixas presións non puideron compensar polos ventos de compoñente sur. Así as máximas foron moi cálidas e as mínimas extremadamente cálidas. Así en temperatura media o mes tamén foi **extremadamente cálido**, resultando o segundo máis cálido da serie histórica.

En **novembro**, o continuo paso de borrascas polo Atlántico norte, trouxeron ventos de compoñente sur, con temperaturas suaves e xornadas anticiclónicas con temperaturas elevadas, polo tanto o mes resultou cálido. As temperaturas mínimas e as máximas tamén foron cálidas.

O mes de **decembro** moi cálido, con temperaturas elevadas para a época do ano, debido a persistencia de ventos de compoñente sur, que achegaron masas de aire morno e a nebulosidade impediu que as mínimas fosen baixas durante as madrugadas. Así tanto as máximas como as mínimas tamén foron moi cálidas. Este foi o terceiro decembro máis cálido da serie histórica.



Na Táboa 2 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

| Resumo mensual das anomalías de temperatura no ano 2022 | | | |
|---------------------------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| Mes | Temperatura mínima | Temperatura media | Temperatura máxima |
| xaneiro | moi frío | cálido | extremadamente cálido |
| febreiro | normal | cálido | moi cálido |
| marzo | lixeramente cálido | normal | normal |
| abril | frío | normal | cálido |
| maio | extremadamente cálido | extremadamente cálido | extremadamente cálido |
| xuño | moi cálido | normal | frío |
| xullo | moi cálido | extremadamente cálido | extremadamente cálido |
| agosto | moi cálido | moi cálido | moi cálido |
| setembro | cálido | cálido | normal |
| outubro | extremadamente cálido | extremadamente cálido | moi cálido |
| novembro | cálido | cálido | cálido |
| decembro | moi cálido | moi cálido | moi cálido |

Táboa 2: Descrición das temperaturas con respecto ao período de referencia 1981-2010.

3.2. Precipitación.

No caso da precipitación (e ao igual que na temperatura) empregaranse os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na táboa 3. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2022.

| Precipitación | |
|-----------------------|----------------------------|
| Categoría | Percentil |
| extremadamente seco | ≥mínimo (1981-2010) |
| moi seco | Entre mínimo (81-10) e 20% |
| seco | Entre 20% e 40% |
| normal | Entre 40% e 60% |
| húmido | Entre 60% e 80% |
| moi húmido | Entre 80% e máximo (81-10) |
| extremadamente húmido | ≥máximo (1981-2010) |

Táboa 3: Descrición da precipitación acumulada en función dos percentiles con respecto ao período de referencia 1981-2010.



O ano 2022 quedou caracterizado por unha gran diferenza entre os 10 primeiros días de baixas presións e un período de 20 días consecutivos de estabilidade e tempo seco. Por iso o mes de **xaneiro** foi **moi seco**.

Febreiro resultou **moi seco** tamén, no que practicamente metade da precipitación do mes rexistrouse na xornada do día 13. Polo demais foi un mes dominado polas situacións anticiclónicas.

En **Marzo** a chuvia acumulada quedou por riba dos valores normais, resultando un mes húmido. Sobre todo na primeira metade do mes con situacións de chuvias xeneralizas e intensas e a chegada no día 14 da borrasca *Celia*. Así o mes foi **húmido**.

Abril foi un mes **seco**, tipicamente primaveral. Destacou este mes a chegada da borrasca nomeada *Diego* na xornada do 7, que deixou chuvias xeneralizadas e ventos intensos. Despois de esta borrasca tivemos a chegada da borrasca *Evelyn* con chuvias máis intermitentes. O resto de borrascas que afectaron á Comunidade fixérono deixaron chuvias irregularmente repartidas. Así, no conxunto da Comunidade a tónica foi de déficit de precipitación.

O mes de **maio** foi **moi seco**, xa que as chuvias acumuladas foron escasas, quedando por debaixo da metade do que sería habitual nesta época do ano. Isto foi debido a que os períodos de borrasca foron de pouca duración e as fronteas, non foron moi activas. Aínda así destácase as xornadas tormentosas do 29 e o 31 que non puideron compensar o déficit de precipitación acumuladas.

O mes de **xuño** resultou **húmido**, no que a pesar de ser un mes no que non é habitual rexistrar moitas chuvias, estas foron significativas sobre todo nas dúas primeiras xornadas do mes, nas que xa se acadaban os valores normais para a época do ano.

O mes de **xullo** foi **moi seco**. Neste mes destacou un fenómeno denominado *Sistema Convectivo de Mesoescala* no que unha área de tormentas bastantes organizadas no norte de Portugal, disparou de xeito súbito e rápido un área tormentosa do tamaño de Galicia, que en menos de 4 horas deixou máis de 6000 raios na Comunidade. Pero tan só na xornada do 29 se repetiu unha situación de chuvias xeneralizadas.

Agosto foi un mes seco. Destacaron as tardes do 9 e 10, no que as altas temperaturas trouxeron fenómenos tormentosos, con case 2000 e 3000 raios detectados, respectivamente cada día. Tamén destacaron como chuviosas as xornadas do 15 e o 16. Con



excepción da Mariña Luguesa, as chuvias asociadas a fenómenos tormentosos, foron moi irregulares e escasas para a época do ano.

Setembro acadou valores de precipitación **normais**. A chuva foi normal pero cun gran contraste entre o oeste da Coruña e o interior, as anomalías inferiores a normal estiveron no interior da Comunidade.

O mes de **outubro** cualifícase como **húmido**. Foi un mes con moitas xornadas de chuvias xeneralizadas, nas que destacaron dúas borrascas: *Armand*, que chegou na xornada do 19, seguida doutra borrasca nomeada *Beatrice*, que o día 22 e 23 deixaba tamén fortes ventos e avisos amarelos e laranxas por toda Galicia. O exceso de precipitación tamén está asociado á posición das borrascas nas derradeiras semanas, nas que as chuvias foron intensas e xeneralizadas.

En **Novembro** as chuvias acumuladas estiveron por riba das agardadas, debidas as borrascas en xeral moi activas, e con masas de aire que non eran frías, ocasionando valores de precipitación moi elevados, que nalgúns días deron lugar a avisos por acumulación de precipitación. Por isto, o mes resultou **moi húmido**.

O ano rematou cun mes de **decembro** tamén **moi húmido** para a época do ano, debido principalmente a chegada continua de borrascas nas últimas tres semanas do mes, algunhas delas moi activas, destacando os valores acumulados das xornadas do 19, 23, 24 e 31. Destacou a influencia da borrasca nomeada *Efraín* entre os días 12 e 15.

Na Táboa 4 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.

| Resumo mensual anomalías de precipitación no ano 2022 | |
|-------------------------------------------------------|---------------|
| Mes | Precipitación |
| xaneiro | moi seco |
| febreiro | moi seco |
| marzo | húmido |
| abril | seco |
| maio | moi seco |
| xuño | normal |
| xullo | moi seco |
| agosto | seco |
| setembro | normal |
| outubro | húmido |



| Resumo mensual anomalías de precipitación no ano 2022 | |
|-------------------------------------------------------|---------------|
| Mes | Precipitación |
| novembro | moi húmido |
| decembro | moi húmido |

Táboa 4: Descrición da precipitación con respecto ao período de referencia 1981-2010.



4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2022 EN GALICIA

A continuación, na táboa 5, móstranse a media das temperaturas máximas máis altas rexistradas na rede de estacións de Meteogalicia no ano 2022 con valores por riba dos 30°C. No mes de xullo en moitas localidades se acadaron valores superiores de temperaturas máximas medias aos 30 °C. Destacan diversas localidades da provincia de Ourense e de Pontevedra, mentres que en menor medida o interior da provincia de Lugo, e tan só no concello de Melide se superou este limiar tamén en xullo. Lembremos que segundo a Táboa 2, xullo foi extremadamente cálido tendo en conta as temperaturas medias e máximas e moi cálido, tendo en conta as temperaturas mínimas.

| Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C | | | | |
|-----------------------------------------------|--------------------------|------------|------------------|-------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | mes |
| A Portela | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | Ourense | 35.9 | xullo |
| EVEGA Leiro | LEIRO | Ourense | 35.8 | xullo |
| Remuíño | ARNOIA (A) | Ourense | 35.3 | xullo |
| Ourense-Estacións | OURENSE | Ourense | 35.2 | xullo |
| Ourense | OURENSE | Ourense | 35.1 | xullo |
| Prado | CASTRELO DE MIÑO | Ourense | 34.9 | xullo |
| Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | 34.4 | xullo |
| Verín-Vilamaior | VERÍN | Ourense | 34.1 | xullo |
| As Petarelas | RUBIÁ | Ourense | 34.0 | xullo |
| San Clodio | RIBAS DE SIL | Lugo | 33.9 | xullo |
| Laza | LAZA | Ourense | 33.6 | xullo |
| Larouco | LAROUCO | Ourense | 33.6 | xullo |
| Meder | SALVATERRA DE MIÑO | Pontevedra | 33.6 | xullo |
| Cequeliños | ARBO | Pontevedra | 33.1 | xullo |
| A Granxa | PONTEAREAS | Pontevedra | 32.9 | xullo |
| Míllara | PANTÓN | Lugo | 32.8 | xullo |
| Monforte | MONFORTE DE LEMOS | Lugo | 32.7 | xullo |
| Entenza | SALCEDA DE CASELAS | Pontevedra | 32.7 | xullo |
| Xabrega | SOBER | Lugo | 32.5 | xullo |
| A Trabe | VILARDEVÓS | Ourense | 32.2 | xullo |
| Gargamala | MONDARIZ | Pontevedra | 31.9 | xullo |
| Xinzo | XINZO DE LIMIA | Ourense | 31.8 | xullo |
| Ríós | RIÓS | Ourense | 31.6 | xullo |
| Ponte Boga | CASTRO CALDELAS | Ourense | 31.6 | xullo |
| Monte Medo | BAÑOS DE MOLGAS | Ourense | 31.6 | xullo |
| Pazo de Fontefiz | COLES | Ourense | 31.5 | xullo |
| Areas | TUI | Pontevedra | 31.4 | xullo |
| Atios | PORRIÑO (O) | Pontevedra | 31.4 | xullo |
| Gandarela | CELANOVA | Ourense | 31.4 | xullo |
| Conchada | QUIROGA | Lugo | 31.3 | xullo |
| Entrimo | ENTRIMO | Ourense | 31.3 | xullo |
| Viana do Bolo | VIANA DO BOLO | Ourense | 31.2 | xullo |



| Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C | | | | |
|-----------------------------------------------|-------------------|------------|------------------|--------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | mes |
| Baltar | BALTAR | Ourense | 31.0 | xullo |
| Bóveda | BÓVEDA | Lugo | 30.8 | xullo |
| Morelle | SARRIA | Lugo | 30.8 | xullo |
| Amiudal | AVIÓN | Ourense | 30.7 | xullo |
| San Fiz | CHANTADA | Lugo | 30.6 | xullo |
| Ríós | RIÓS | Ourense | 30.6 | agosto |
| Courel | FOLGOSO DO COUREL | Lugo | 30.4 | xullo |
| A Mezquita | MEZQUITA (A) | Ourense | 30.3 | xullo |
| O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | 30.3 | xullo |
| Camanzo | VILA DE CRUCES | Pontevedra | 30.2 | xullo |
| Melide | MELIDE | A Coruña | 30.2 | xullo |

Táboa 5: Temperaturas máximas medias máis altas ano 2022.

Na táboa 6, móstranse as estacións da rede de Meteogalicia ca media das máximas máis baixas, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10°C. Destacan as localidades do interior, nas provincias de Ourense e Lugo, sendo o mes de decembro o que rexistrou as temperaturas medias das máximas máis baixas, e seguido con moitos menos casos do mes de xaneiro. Segundo os valores da Táboa 2, o mes de decembro aínda así foi moi cálido para as máximas, mentres que xaneiro foi extremadamente cálido para esta variable.

| Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C | | | | |
|-------------------------------------------------|--------------------------|------------|------------------|----------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Mes |
| Cabeza de Manzaneda | MANZANEDA | Ourense | 3.8 | marzo |
| Xares | VEIGA (A) | Ourense | 4.5 | decembro |
| Lardeira | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 5.7 | decembro |
| Alto do Poio | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 6.5 | decembro |
| O Cebreiro | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 6.8 | decembro |
| Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | 7.5 | decembro |
| Ancares | CERVANTES | Lugo | 7.8 | marzo |
| O Xistral | MURAS | Lugo | 8.0 | xaneiro |
| Casaio | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 8.4 | decembro |
| Corzos | VEIGA (A) | Ourense | 8.5 | decembro |
| O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | 8.5 | decembro |
| A Mezquita | MEZQUITA (A) | Ourense | 8.7 | decembro |
| Serra do Faro | RODEIRO | Pontevedra | 8.9 | decembro |
| San Xoán de Río | SAN XOÁN DE RÍO | Ourense | 9.1 | decembro |
| Alto do Rodicio | MACEDA | Ourense | 9.3 | decembro |
| Fontaneira | BALEIRA | Lugo | 9.3 | decembro |
| Penedo do Galo | VIVEIRO | Lugo | 9.3 | xaneiro |
| Fragavella | ABADÍN | Lugo | 9.4 | xaneiro |
| Xurés | MUÍÑOS | Ourense | 9.4 | decembro |



| Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C | | | | |
|-------------------------------------------------|-----------|-----------|------------------|---------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Mes |
| Alto do Faro | CHANTADA | Lugo | 9.5 | xaneiro |
| Labrada | ABADÍN | Lugo | 9.5 | xaneiro |
| Corzos | VEIGA (A) | Ourense | 9.9 | xaneiro |
| Corno do Boi | FRIOL | Lugo | 9.9 | xaneiro |
| Guitiriz-Mirador | VILALBA | Lugo | 9.9 | xaneiro |

Táboa 6: Temperaturas máximas medias máis baixas no ano 2022.

Nas táboas 7 e 8 indícanse as medias das temperaturas mínimas medias con valores por debaixo de 1°C e as que tiveron valores por riba dos 16°C respectivamente, rexistradas na rede de estacións xestionadas por Meteogalicia. Nesta ocasión, o limiar de $\leq 1^\circ\text{C}$, para as temperaturas mínimas medias máis baixas déronse moitas localidades principalmente no mes de xaneiro, e en zonas do interior das provincias de Ourense e Lugo, con algunha excepción illada. A isto contribuíron as fortes xeadas rexistradas no mes de xaneiro, que para a temperatura mínima resultou, segundo os valores da Táboa 2, moi frío, mentres que nos meses invernais de novembro e decembro, as temperaturas mínimas foron cálidas e moi cálidas, respectivamente. Polo que non se chegou ao limiar marcado en ningunha estación meteorolóxica.

| Temperaturas mínimas medias por debaixo de 1°C | | | | |
|------------------------------------------------|--------------------------|------------|------------------|---------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Mes |
| Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | -3.5 | xaneiro |
| Calvos | CALVOS DE RANDÍN | Ourense | -3.4 | xaneiro |
| Xinzo | XINZO DE LIMIA | Ourense | -2.4 | xaneiro |
| Baltar | BALTAR | Ourense | -1.9 | xaneiro |
| Cabeza de Manzaneda | MANZANEDA | Ourense | -1.6 | marzo |
| O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | -1.4 | xaneiro |
| Morelle | SARRIA | Lugo | -1.1 | xaneiro |
| Corzos | VEIGA (A) | Ourense | -0.8 | xaneiro |
| Viana do Bolo | VIANA DO BOLO | Ourense | -0.7 | xaneiro |
| EVEGA Leiro | LEIRO | Ourense | -0.6 | xaneiro |
| Mouriscade | LALÍN | Pontevedra | -0.6 | xaneiro |
| Lardeira | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | -0.5 | marzo |
| Monforte | MONFORTE DE LEMOS | Lugo | -0.4 | xaneiro |
| O Cebreiro | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 0.0 | xaneiro |
| Cospeito | COSPEITO | Lugo | 0.0 | xaneiro |
| Remuíño | ARNOIA (A) | Ourense | 0.0 | xaneiro |
| Laza | LAZA | Ourense | 0.1 | xaneiro |
| A Portela | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | Ourense | 0.2 | xaneiro |
| Monte Medo | BAÑOS DE MOLGAS | Ourense | 0.3 | xaneiro |
| Bóveda | BÓVEDA | Lugo | 0.4 | xaneiro |



| Temperaturas mínimas medias por debaixo de 1°C | | | | |
|------------------------------------------------|-----------------------|------------|------------------|----------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Mes |
| Larouco | LAROUCO | Ourense | 0.4 | xaneiro |
| A Mezquita | MEZQUITA (A) | Ourense | 0.4 | xaneiro |
| Morelle | SARRIA | Lugo | 0.5 | febreiro |
| Feiranova-Santaballa | VILALBA | Lugo | 0.5 | xaneiro |
| San Clodio | RIBAS DE SIL | Lugo | 0.7 | xaneiro |
| Alto do Poio | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 0.7 | marzo |
| Ourense | OURENSE | Ourense | 0.8 | xaneiro |
| Verín-Vilamaior | VERÍN | Ourense | 0.8 | xaneiro |
| Portomarín | PORTOMARÍN | Lugo | 0.8 | xaneiro |
| Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | 0.8 | xaneiro |
| A Granxa | PONTEAREAS | Pontevedra | 0.8 | xaneiro |
| Campus Lugo | LUGO | Lugo | 0.9 | xaneiro |

Táboa 7: Temperaturas mínimas medias máis baixas no ano 2022.

Considerando o limiar dos 16°C, en tódalas provincias, aínda de que xeito máis destacado na provincia de Pontevedra, acadáronse valores elevados de temperatura mínima media, principalmente nos meses de xullo e en menor medida en agosto, xa que ambos meses foron moi cálidos, para as temperaturas mínimas. Isto reflíctese na gran cantidade de localidades que superou o limiar dos 16 °C de temperatura mínima media mensual.

| Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C | | | | |
|--------------------------------------------------|--------------------|------------|------------------|--------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Mes |
| Porto de Vigo | VIGO | Pontevedra | 18.6 | xullo |
| Porto de Marín | MARÍN | Pontevedra | 18.3 | xullo |
| San Nomedio | NEVES (AS) | Pontevedra | 18.2 | xullo |
| Vigo | VIGO | Pontevedra | 17.9 | xullo |
| Vigo-Campus | VIGO | Pontevedra | 17.8 | xullo |
| Ourense-Estacións | OURENSE | Ourense | 17.7 | agosto |
| Corón | VILANOVA DE AROUSA | Pontevedra | 17.7 | xullo |
| Cangas-Porto | CANGAS | Pontevedra | 17.7 | xullo |
| Fornelos de Montes | FORNELOS DE MONTES | Pontevedra | 17.6 | xullo |
| Illas Cíes | VIGO | Pontevedra | 17.6 | xullo |
| Pontevedra-Campolongo | PONTEVEDRA | Pontevedra | 17.4 | xullo |
| Areas | TUI | Pontevedra | 17.4 | xullo |
| Baiona | BAIONA | Pontevedra | 17.4 | xullo |
| Sanxenxo | SANXENXO | Pontevedra | 17.4 | xullo |
| Cariño-Porto | CARIÑO | A Coruña | 17.3 | agosto |
| Cabo Udra | BUEU | Pontevedra | 17.3 | xullo |
| Pedro Murias | RIBADEO | Lugo | 17.3 | agosto |
| CIS Ferrol | FERROL | A Coruña | 17.3 | agosto |



| Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C | | | | |
|--------------------------------------------------|--------------------------|------------|------------------|--------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Mes |
| Corrubedo | RIBEIRA | A Coruña | 17.2 | xullo |
| Vilamor | MONDOÑEDO | Lugo | 17.2 | agosto |
| Entenza | SALCEDA DE CASELAS | Pontevedra | 17.1 | xullo |
| Sálvora-Pazo | RIBEIRA | A Coruña | 17.1 | xullo |
| Torrequeintáns | MEIS | Pontevedra | 17.0 | xullo |
| Lira | CARNOTA | A Coruña | 17.0 | xullo |
| Pé Redondo | MEIS | Pontevedra | 16.9 | xullo |
| A Lanzada | GROVE (O) | Pontevedra | 16.9 | xullo |
| Castro Vicaludo | OIA | Pontevedra | 16.9 | xullo |
| Cequeliños | ARBO | Pontevedra | 16.9 | xullo |
| Coruña-Dique | CORUÑA (A) | A Coruña | 16.8 | agosto |
| Soutomaior | SOUTOMAIOR | Pontevedra | 16.8 | xullo |
| Cespón | BOIRO | A Coruña | 16.8 | xullo |
| Castrove | POIO | Pontevedra | 16.8 | xullo |
| Coruña-Torre de Hércules | CORUÑA (A) | A Coruña | 16.8 | agosto |
| O Viso | REDONDELA | Pontevedra | 16.7 | xullo |
| Sanxenxo | SANXENXO | Pontevedra | 16.7 | agosto |
| Monte Aloia | TUI | Pontevedra | 16.7 | xullo |
| Gargamala | MONDARIZ | Pontevedra | 16.7 | xullo |
| CIS Ferrol | FERROL | A Coruña | 16.7 | xullo |
| Ourense | OURENSE | Ourense | 16.7 | agosto |
| Ons | BUEU | Pontevedra | 16.6 | xullo |
| Vigo | VIGO | Pontevedra | 16.6 | agosto |
| Xesteiras | CUNTIS | Pontevedra | 16.6 | xullo |
| Cabo Udra | BUEU | Pontevedra | 16.6 | agosto |
| A Trabe | VILARDEVÓS | Ourense | 16.6 | xullo |
| Fornelos de Montes | FORNELOS DE MONTES | Pontevedra | 16.6 | agosto |
| Lourizán | PONTEVEDRA | Pontevedra | 16.6 | xullo |
| Coruña-Dique | CORUÑA (A) | A Coruña | 16.56 | xullo |
| Tremoedo | VILANOVA DE AROUSA | Pontevedra | 16.6 | xullo |
| O Val | NARÓN | A Coruña | 16.6 | agosto |
| Meder | SALVATERRA DE MIÑO | Pontevedra | 16.6 | xullo |
| Areas | TUI | Pontevedra | 16.5 | agosto |
| Baiona | BAIONA | Pontevedra | 16.5 | agosto |
| A Portela | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | Ourense | 16.5 | agosto |
| Lourenzá | LOURENZÁ | Lugo | 16.5 | agosto |
| Sálvora-Pazo | RIBEIRA | A Coruña | 16.5 | agosto |
| Cespón | BOIRO | A Coruña | 16.4 | agosto |
| Ponte Caldelas | PONTE CALDELAS | Pontevedra | 16.4 | xullo |
| Camariñas | CAMARIÑAS | A Coruña | 16.4 | agosto |
| Lourizán | PONTEVEDRA | Pontevedra | 16.4 | agosto |
| Punta Candieira | CEDEIRA | A Coruña | 16.4 | agosto |
| A Lanzada | GROVE (O) | Pontevedra | 16.4 | agosto |
| Míllara | PANTÓN | Lugo | 16.4 | agosto |
| Borreiros | VIVEIRO | Lugo | 16.4 | agosto |
| Lesende | LOUSAME | A Coruña | 16.3 | xullo |
| Louredo | MOS | Pontevedra | 16.3 | xullo |



| Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C | | | | |
|--------------------------------------------------|--------------------------|------------|------------------|----------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Mes |
| Pedro Murias | RIBADEO | Lugo | 16.3 | xullo |
| A Portela | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | Ourense | 16.3 | xullo |
| Foz | FOZ | Lugo | 16.3 | agosto |
| Pazo de Galegos | VEDRA | A Coruña | 16.3 | xullo |
| As Eiras | ROSAL (O) | Pontevedra | 16.2 | xullo |
| Riotorto | RIOTORTO | Lugo | 16.2 | agosto |
| Sergude | BOQUEIXÓN | A Coruña | 16.2 | agosto |
| Gargamala | MONDARIZ | Pontevedra | 16.2 | agosto |
| Lira | CARNOTA | A Coruña | 16.1 | setembro |
| Santiago-EOAS | SANTIAGO DE COMPOSTELA | A Coruña | 16.1 | agosto |
| Soutomaior | SOUTOMAIOR | Pontevedra | 16.1 | agosto |
| San Clodio | RIBAS DE SIL | Lugo | 16.1 | agosto |
| Santa Cruz | VALADOURO (O) | Lugo | 16.1 | agosto |
| Guísamo | BERGONDO | A Coruña | 16.1 | agosto |
| Lira | CARNOTA | A Coruña | 16.0 | agosto |
| Riós | RIÓS | Ourense | 16.0 | xullo |
| San Fiz | CHANTADA | Lugo | 16.0 | agosto |

Táboa 8: Temperaturas mínimas medias máis altas no ano 2022.

Nas táboas 9 e 10 indícanse as temperaturas máximas absolutas máis altas e mínimas absolutas máis baixas rexistradas na rede de estacións de Meteogalicia. Houbo dous episodios que deixaron sobre Galicia temperaturas máximas extremas, entre o 12 e o 14 de xullo, destacando esta última, na que en moitos puntos das provincias de Ourense e Lugo, pero tamén en Pontevedra, houbo rexistros de máis de 40 °C.

| Temperaturas máximas absolutas | | | | |
|--------------------------------|--------------------------|------------|------------------|------------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Data |
| Ourense | OURENSE | Ourense | 44.0 | 14/07/2022 |
| Ourense-Estacións | OURENSE | Ourense | 44.0 | 14/07/2022 |
| Remuíño | ARNOIA (A) | Ourense | 43.7 | 12/07/2022 |
| San Clodio | RIBAS DE SIL | Lugo | 43.3 | 14/07/2022 |
| A Portela | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | Ourense | 43.1 | 17/07/2022 |
| EVEGA Leiro | LEIRO | Ourense | 43.1 | 14/07/2022 |
| Prado | CASTRELO DE MIÑO | Ourense | 42.5 | 12/07/2022 |
| Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | 42.2 | 14/07/2022 |
| Míllara | PANTÓN | Lugo | 42.1 | 14/07/2022 |
| Larouco | LAROUCO | Ourense | 42.1 | 14/07/2022 |
| Monforte | MONFORTE DE LEMOS | Lugo | 42.1 | 14/07/2022 |
| Laza | LAZA | Ourense | 41.7 | 14/07/2022 |
| Verín-Vilamaior | VERÍN | Ourense | 41.5 | 14/07/2022 |
| As Petarelas | RUBIÁ | Ourense | 41.4 | 14/07/2022 |
| Entenza | SALCEDA DE CASELAS | Pontevedra | 41.3 | 12/07/2022 |
| Larouco | LAROUCO | Ourense | 41.3 | 12/07/2022 |



| Temperaturas máximas absolutas | | | | |
|--------------------------------|--------------------|------------|------------------|------------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Data |
| Meder | SALVATERRA DE MIÑO | Pontevedra | 41.1 | 12/07/2022 |
| A Granxa | PONTEAREAS | Pontevedra | 40.9 | 12/07/2022 |
| Cequeliños | ARBO | Pontevedra | 40.7 | 12/07/2022 |
| Campus Lugo | LUGO | Lugo | 40.6 | 10/07/2022 |

Táboa 9: Temperaturas máximas absolutas no ano 2022.

En canto ás mínimas absolutas, na táboa 10 pódense ver os valores máis baixos rexistrados ao longo de 2022. A xornada do 4 de abril, destaca entre as máis frías do ano, e tamén os derradeiros días do mes de xaneiro, con temperaturas inferiores aos -6 °C. Xeograficamente, estas zonas correspóndense as provincias de Ourense e Lugo, aínda que tamén nas zonas altas de Pontevedra acadáronse valores moi baixos na última xornada do mes de xaneiro.

| Temperaturas mínimas absolutas | | | | |
|--------------------------------|--------------------------|------------|------------------|------------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) | Data |
| Xinzo | XINZO DE LIMIA | Ourense | -10.0 | 29/01/2022 |
| Calvos | CALVOS DE RANDÍN | Ourense | -9.7 | 31/01/2022 |
| Cabeza de Manzaneda | MANZANEDA | Ourense | -9.5 | 04/04/2022 |
| Xares | VEIGA (A) | Ourense | -8.8 | 04/04/2022 |
| Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | -8.7 | 30/01/2022 |
| O Cebreiro | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | -7.6 | 04/04/2022 |
| Baltar | BALTAR | Ourense | -7.5 | 02/04/2022 |
| O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | -7.5 | 04/04/2022 |
| Lardeira | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | -7.2 | 04/04/2022 |
| Alto do Poio | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | -7.2 | 04/04/2022 |
| Morelle | SARRIA | Lugo | -6.7 | 23/01/2022 |
| Ancares | CERVANTES | Lugo | -6.5 | 04/04/2022 |
| Viana do Bolo | VIANA DO BOLO | Ourense | -6.4 | 04/12/2022 |
| Monforte | MONFORTE DE LEMOS | Lugo | -6.4 | 23/01/2022 |
| Corzos | VEIGA (A) | Ourense | -6.3 | 02/04/2022 |
| Cospeito | COSPEITO | Lugo | -6.2 | 15/01/2022 |
| EVEGA Leiro | LEIRO | Ourense | -6.2 | 29/01/2022 |
| Bóveda | BÓVEDA | Lugo | -6.1 | 29/01/2022 |
| Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | -5.8 | 04/04/2022 |
| Mouriscade | LALÍN | Pontevedra | -5.8 | 31/01/2022 |

Táboa 10: Temperaturas mínimas máis baixas no ano 2022.

Na táboa 11 móstrase a temperatura media do 2022 con respecto aos tres períodos de referencia: 1961-1990, 1971-2000 e 1981-2010.



| Temperatura media anual (°C) | | | |
|------------------------------|-----------|-----------|-----------|
| 2022 | 1961-1990 | 1971-2000 | 1981-2010 |
| 14.9 | 13.4 | 13.4 | 13.6 |

Táboa 11: Comparación entre a temperatura media anual e a media climática galega.

A temperatura media do ano 2022 foi 1.5 °C superior ao valor medio 1961-1990 e ao valor medio do período 1971-2000. Con respecto ao último período de referencia foi de 1.2 °C superior ao valor medio do mesmo.

4.1. Temperatura.

Na figura 13 móstrase o mapa de temperatura media para o ano 2022. Como se pode apreciar, os valores máis baixos de temperatura acadáronse na alta montaña ourensá. Así, no macizo de Manzaneda e na zona de Pena Trevinca a temperatura acadou valores medios que estiveron entorno aos 7.3 °C. As temperaturas máis altas déronse en xeral, nas comarcas litorais do sur da provincia de Pontevedra, con valores próximos ou superiores aos 16.9 °C. Segundo os valores do mapa para a Comunidade a temperatura foi de 13.1 °C




Figura 13: Temperatura media ano 2022.

Na figura 14, móstrase o mapa de anomalías de temperatura con respecto ao período 1981-2010. A anomalía media 2022 respecto á media climática segundo o mapa foi de +1.1 °C. As zonas máis cálidas que destacan no mapa, correspóndense á comarca dos Ancares, con valores acadaron os +4.1 °C. Os valores máis baixos, déronse localmente na comarca de Bergantiños e en Monforte de Lemos, con valores de próximos aos - 0.1 °C.




Figura 14: Mapa de anomalías de temperatura no ano 2022 con respecto ao período 1981-2010.



4.2. Precipitación.

Na táboa 12 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados no ano 2022. A estación que máis chuvia rexistrou foi a de Muralla, seguida por Fornelos de Montes e Fontecada, e distintas estacións das provincias de A Coruña e Pontevedra. Os valores máis altos superan os 2200 L/m² anuais.

| Precipitación máxima anual no 2022 | | | |
|------------------------------------|--------------------|------------|-----------------------------------|
| Estación | concello | Provincia | Precipitación (L/m ²) |
| Muralla | LOUSAME | A Coruña | 2928 |
| Fornelos de Montes | FORNELOS DE MONTES | Pontevedra | 2712 |
| Fontecada | SANTA COMBA | A Coruña | 2707 |
| Paramos | VAL DO DUBRA | A Coruña | 2562 |
| Xesteiras | CUNTIS | Pontevedra | 2477 |
| Castrove | POIO | Pontevedra | 2448 |
| Monte Aloia | TUI | Pontevedra | 2394 |
| Rebordelo | COTOBADÉ | Pontevedra | 2372 |
| Coto Muiño | ZAS | A Coruña | 2347 |
| Forcarei | FORCAREI | Pontevedra | 2225 |

Táboa 12: Valores máximos de precipitación acumulada no ano 2022.

Na táboa 13 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados no 2022. Na comarca de Valdeorras e na ribeira do río Sil, rexistráronse os valores máis baixos de precipitación acumulada anual, destaca tamén a comarca de Verín e no norte o concello de Foz, estes valores foron inferiores aos 800 L/m² anuais.

| Precipitación mínima anual no 2022 | | | |
|------------------------------------|--------------------------|-----------|-----------------------------------|
| Estación | concello | Provincia | Precipitación (L/m ²) |
| Larouco | LAROUCO | Ourense | 580 |
| Lardeira | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 593 |
| A Portela | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | Ourense | 641 |
| San Clodio | RIBAS DE SIL | Lugo | 691 |
| Casaio | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 706 |
| As Petarelas | RUBIÁ | Ourense | 717 |
| Viana do Bolo | VIANA DO BOLO | Ourense | 725 |
| Xinzo | XINZO DE LIMIA | Ourense | 735 |
| Foz | FOZ | Lugo | 775 |
| Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | 780 |

Táboa 13: Valores mínimos de precipitación acumulada no ano 2022.



Na táboa 14 preséntanse os valores máis altos de precipitación diaria. Destacan as xornadas do 12, 19 e 24 do mes de decembro, que segundo os valores da Táboa foi un mes moi húmido, no que se rexistraron importantes valores de precipitación, superando en moitas localidades os 70 L/m², e en practicamente toda a rede de estacións de Meteogalicia, acadáronse valores que superaron o limiar dos 40 L/m² acumulados no día.

| Precipitación máxima diaria no 2022 | | | | |
|-------------------------------------|------------|------------------------|------------------------|------------|
| Estación | Provincia | Concello | PP (L/m ²) | Data |
| Fontecada | A Coruña | SANTA COMBA | 159 | 19/12/2022 |
| Costa | A Coruña | ROIS | 136 | 19/12/2022 |
| Lesende | A Coruña | LOUSAME | 126 | 19/12/2022 |
| Paramos | A Coruña | VAL DO DUBRA | 125 | 27/10/2022 |
| Entrimo | Ourense | ENTRIMO | 114 | 12/12/2022 |
| Muralla | A Coruña | LOUSAME | 112 | 19/12/2022 |
| Fornelos de Montes | Pontevedra | FORNELOS DE MONTES | 111 | 24/12/2022 |
| Coto Muiño | A Coruña | ZAS | 110 | 19/12/2022 |
| Castrove | Pontevedra | POIO | 108 | 19/12/2022 |
| Castro Vicaludo | Pontevedra | OIA | 107 | 24/12/2022 |
